En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3672** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para evitar a difusión nos centros de ensino dunha publicación homófoba”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 2318 e publicada no BOPG número 68 , de data 17/02/2017; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:50
Nº Rexistro: 15994
Data envío: 11/09/2017 12:50:46.753

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:50:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3698** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o dereito a unha educación pública de calidade no medio rural”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa escolas unitarias e a educación de calidade no medio rural, reiterar que o criterio seguido pola Administración educativa no período 2009/10 – 2016/17, sempre foi o mesmo, isto é, manter abertas todas as escolas que contén con seis (6) alumnos matriculados, nunha clara aposta da Xunta polo ensino no ámbito rural e por manter os centros docentes no entorno dos rapaces e contribuír dende o eido educativo ao arraigo da poboación no medio rural.

Un criterio que, por outra banda estaba establecido exactamente igual nas anteriores ao ano 2009.

No relativo ás unidades educativas: o criterio que estivo presente foi agrupar nunha mesma unidade a alumnado de distintos niveis de infantil e/ou primaria, e recorrer á supresión da unidades como último recurso, só cando veña imposto de forma inescusable pola redución do número de alumnos/as.

Estas decisións tómanse sempre tendo en conta que os postos de traballo de profesorado de educación infantil, primaria e de especialistas que corresponden, non só respecte as normas xerais sobre catálogos de postos de traballo, senón que sexa ás máis favorable posible, no sentido de poder seguir contando co apoio de profesores especialistas.

Ademais, os agrupamentos atenden a criterios de racionalidade e permiten asegurar a continuidade dos centros; e se ben, teñen o aspecto de mesturar nenos de diversas idades, este vese compensado polo feito de ser grupos moi pequenos que permiten unha atención personalizada. Por outra banda, á marxe de cuestións de eficiencia, a función socializadora da educación require un grupo, e non se cumpriría se o número de alumnos/as do nivel fosen un, dous ou tres.

En definitiva, o resultado das catalogacións efectuadas ao longo deste período (2009/10 – 2016/17) abonda para satisfacer as necesidades educativas dos nenos e nenas de infantil e primaria afectados, que continuaron e continuarán recibindo unha educación de calidade e en igualdade de condicións que no resto dos centros educativos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16350
Data envío: 13/09/2017 14:14:35.116

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:14:30



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3703** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre “**a valoración do Goberno galego respecto dos datos referidos ao uso da lingua galega entre a poboación**”, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A resposta a esta iniciativa foi ofrecida polo Secretario Xeral de Política Lingüística, na súa comparecencia sobre as actividades de promoción e dinamización da lingua galega na Comisión 4ª do 24.03.2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16355
Data envío: 13/09/2017 14:23:01.229

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:22:57



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3705** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“os problemas e irregularidades detectados nos servizos de catering dos centros escolares”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Existen comedores de xestión indirecta (cátering) en todos os casos : xestionados pola Xunta, polas Anpas e polos Concellos .

Non existe ningún problema nas distintas modalidades de xestión, que entendemos deben ser compatibles coa responsabilidade da Administración educativa de facer un uso eficaz e eficiente dos recursos públicos.

Todos os comedores, sexan de xestión directa ou indirecta, deben cumprir coa Guía de menús saudables (elaborado pola Consellería de Sanidade), onde se establecen as condicións nutricionais, organolépticas, de gramaxe e de calidade esixidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16354
Data envío: 13/09/2017 14:22:52.135

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:22:47



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 3726**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto da decisión do Goberno español de modificar os coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que pescan en augas internacionais”**, (publicada no BOPG número 53, do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central buscou unha solución e mantivo o coeficiente redutor de xubilación dos tripulantes de buques palangreiros e arrastreiros de altura e grande altura, de xeito que non teñan que prolongar a idade de xubilación.

Os contactos entre a Xunta de Galicia co Goberno central establecéronse tan pronto como se deu traslado por parte do sector sobre este problema:

- En febreiro de 2016, a secretaria xeral técnica da Consellería do Mar reuniuse por primeira vez en Madrid con representantes da Dirección Xeral da Mariña Mercante e do Instituto Social da Mariña para abordar este asunto e dende entón non cesaron os contactos co Goberno Central para que as consideracións de Galicia fosen tidas en conta.
- En outubro de 2016 tivo lugar outra reunión en Madrid entre representantes da Consellería do Mar co Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, o Ministerio de Empleo y Seguridad Social e o Ministerio de Fomento. Nela fíxose balance do asunto e nela o Goberno central anunciou que estaba traballando nunha solución inmediata.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16353
Data envío: 13/09/2017 14:22:42.604

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:22:38



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 3770**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia destinadas a colaborar nas xestións levadas a cabo polo colectivo Long Hope”**, (publicada no BOPG número 53, do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ofreceu un acordo de colaboración á asociación Long Hope por importe de 70.000 €. Este acordo que se lle ten ofrecido recolle a maioría das discrepancias que os mariñeiros reclamaron nas xuntanzas que mantiveron coa Consellería do Mar.

O Goberno de Galicia tivo vontade de chegar a un acordo co colectivo, co fin de axudalos na reclamación do seu dereito a percibir unha pensión por ter traballado na frota norueguesa. É de xustiza que reciban unha prestación por ter pagado os seus impostos no país nórdico.

A Xunta de Galicia mantivo unha relación fluída e frecuente co Goberno central para coñecer a situación destes mariñeiros e as posibilidades de actuación para reclamar os seus dereitos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16357
Data envío: 13/09/2017 14:23:48,339

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:23:43



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 3785**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos resultados do sector turístico durante o ano 2016.”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O ano 2016 foi un ano de récord para o turismo en Galicia. Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, a Comunidade galega recibiu un total de 4.935.323 viaxeiros, rexistrando os seus establecementos regrados máis de 10 millóns de pernoitas, cifras que supoñen máximos históricos.

Ademais e neste contexto, o turismo internacional incrementou en máis dun 10% o seu volume de pernoitas e preto dun 8% a cifra de viaxeiros. Unha mellora que supuxo que o mercado internacional acadase no pasado ano máximos históricos tanto en volume, con máis de 1,3 millóns de viaxeiros e 2,2 millóns de pernoitas, como de peso no conxunto da demanda representando preto do 28% dos viaxeiros e o 22,7 % das pernoitas totais.

No que se refire ao Camiño de Santiago, todos os itinerarios xacobeos continuaron a amosar o seu potencial como uns dos recursos máis internacionais da Comunidade galega. Porque o ano pasado recolleron a súa Compostela un total de 278.232 peregrinos, o que supuxo un máximo histórico, ao superar a cifra do último Ano Santo 2010, e un incremento do 5,96% en relación aos peregrinos rexistrados no ano 2015.

Os peregrinos estranxeiros supuxeron, ademais, o 55,29% do total, contabilizándose 146 países de orixe distintos, o que mostra a gran capacidade do Camiño para atraer visitantes de todo o mundo.

Estes datos son resultado da firme aposta do Goberno galego pola xestión sustentable e competitiva do turismo. E tamén se traduce en termos económicos, onde comprobamos os

paxina 1 de 2

beneficios dun turismo ordenado na súa influencia no PIB e no emprego da nosa Comunidade, porque o sector turístico representa o 11% do PIB de Galicia e o 12% dos postos de traballo.

Ademais, desde o Goberno galego facemos especial fincapé na promoción e, dentro dela, a internacional, gracias a que o turismo estivo presente o ano pasado nos principais mercados turísticos do mundo a través de certames como a ITB de Berlín, a World Travel Market de Londres ou Mundo Abreu de Lisboa. Tamén se situou a Galicia nos mercados emerxentes de Xapón, Rusia, Brasil ou Finlandia, entre outros, participando en feiras especializadas para a promoción específica dos produtos turísticos galegos máis punteiros. Ademais, organizáronse viaxes de familiarización e de prensa para presentar a axentes, turoperadores e xornalistas internacionais os diferentes destinos galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16356
Data envío: 13/09/2017 14:23:38,307

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:23:33



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 3813**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación do proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia”**, (publicada no BOPG número 53, do 26 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de regularización de embarcacións non é algo novidoso e restrinxido aos últimos tempos: comezou en 2007 (hai case dez anos) coa publicación da Lei 9/2007. Con esta norma quedaban fóra, entre outras, moitas embarcacións que foran valoradas negativamente en base ao informe asinado pola Secretaría General do Mar por considerar que xa foron obxecto de regularización ao abeiro dunha instrución de servizo da Dirección General da Mariña Mercante en 1999. Isto deixaba fóra do proceso a 1.466 embarcacións.

Para acoller a expedientes que non se puideron regularizar polo procedemento anterior, publicouse a Lei 35/11 de explotacións agrarias compartidas que engade un Título VI á Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado chamado ‘Regularización de buques pesqueros en el Censo de la Flota Pesquera Operativa y en el Registro de Buques y Empresas Navieras’, para acoller ás embarcacións que, segundo o art. 110º da Lei de Pesca Marítima do Estado:

‘hubieran presentado en plazo la solicitud de regularización en el marco de la Ley 9/2007, de 22 de junio, sobre regularización y actualización de inscripciones de embarcaciones pesqueras en el Registro de Buques y Empresas Navieras y en el Censo de la Flota Pesquera Operativa, y no fueron admitidas a trámite o hubieran sido desestimadas en virtud de lo establecido en el artículo 3 de la citada Ley. Este procedimiento será de aplicación a los expedientes instruidos y pendientes de aportación de bajas o resueltos cuya eficacia quedó demorada hasta el momento de la aportación de bajas’.

É dicir, podíanse acoller aquelas que foran desestimadas pola IS8/99 de Capitanía, aos de eficacia demorada... é dicir, que dos 1.466 expedientes que quedaron sen regularizar na Lei 9/2007, permitía que se acolleran 1.128 embarcacións.

Cando se fala de regularización actualmente e se cita a Lei 9/2007, hai que citar varias leis e decretos que se viñeron desenvolvendo ao longo destes dez anos, tamén a Lei 35/2011 (antes mencionada), o Real decreto 1081/2012 que desenvolvía a Lei 35/2011 e a Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado, que precisamente derroga o Título VI que se engadira coa Lei 35/2011, así como tamén derroga a Lei 9/2007

En conclusión, das embarcacións que se declararon irregulares nos procesos da Ley 9/2007 e Real decreto 1081/2012, **quedan por regularizar 478**. As causas principais foron: non presentar a embarcación ás medicións de Capitanía por parte do interesado, non presentar en prazo ao abeiro da Ley 9/2007, non presentar en prazo ao abeiro do Real decreto 1081/2012.

De todos modos, actualmente **existe un proceso de regularización permanente** ao abeiro do art. 55º do Real decreto 1586/2012 polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, relativo á ordenación do sector pesquero y adaptación al Fondo Europeo de Pesca, no que interveñen o Ministerio e a Capitanía Marítima e no que a Consellería, segundo establece ese Real decreto, non ten intervención activa. A data 2.02.2016, foron **75** as embarcacións que se regularizaron en Galicia ao abeiro dese artigo, **quedando neste intre menos de 400 barcos sen regularizar.**”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:34
Nº Rexistro: 16307
Data envío: 13/09/2017 13:34:04.913

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:33:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:33
Nº Rexistro: 16304
Data envío: 13/09/2017 13:33:31.600

Data 13/09/2017 13:33

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 3912**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a data e o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para o inicio do transvasamento de area na praia de Covas, en Viveiro”**, (publicada no BOPG número 58, do 2 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No que respecta a á praia de Covas existe unha problemática que afecta á metade oeste da mesma, que foi perdendo area ata desaparecer cando hai preamar, de forma que o mar bate sobre o muro do paseo marítimo provocando avarías que poñen en perigo a estabilidade do paseo, incluso a seguridade das vivendas próximas pola vibración nas súas estruturas.

Ante esta situación, Portos de Galicia propuxo, como medida provisional a executar este ano, a realización dun transvasamento de 30.000 m3 de area da zona de levante, aos primeiros 500 metros da zona de poñente da praia de Covas, de tal forma que se free momentaneamente a regresión da citada praia e da protección ao paseo marítimo contiguo.

Nun primeiro momento, Portos de Galicia tiña previsto comezar xa o transvasamento de area coa adxudicación da obra á empresa Villasuso Construción, pero optou por agardar ao 18 de setembro para que as obras non coincidiran coa temporada alta de verán, atendendo así, a unha petición trasladada dende o Concello de Viveiro xunto aos veciños agrupados na Plataforma Salvar a Praia de Covas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:33
Nº Rexistro: 16304
Data envío: 13/09/2017 13:33:31.600

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:33:26



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 09:45
Nº Rexistro: 15942
Data envío: 11/09/2017 09:45:35.198

Data 11/09/2017 09:45

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 3947**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as máis, do mesmo grupo, sobre **“Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento dalgún plan para lles garantir a todas as mulleres de Galicia o acceso a un centro de información á muller cos recursos precisos para dar un servizo de calidade.”**, (publicada no BOPG número 58, do 2 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os Centros de Información á Muller (CIM) constitúen instrumentos de grande importancia no ámbito local para a promoción da igualdade de xénero, tanto polas actividades que desenvolven como pola atención que prestan ás persoas que demandan o seu servizo (principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles).

En consecuencia, a Xunta de Galicia valora moi positivamente que as entidades locais decidan constituír novos Centros de Información á Muller e vén apoiando o seu funcionamento. Por unha banda, mediante unha contribución económica estable: o programa de apoio aos CIM da Xunta de Galicia ten investido un total de 28,3 M€ dende 2009 no funcionamento destes centros. E por outra, mantendo unha comunicación fluída coas persoas responsables desta rede de 82 CIM acreditados que se atopan distribuídos pola xeografía galega.

Neste marco, o 3 de outubro de 2016 o DOG publicaba o Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento. Transcorridos 12 anos de vixencia do anterior decreto, precisou revisarse e actualizarse para dar cabida ás demandas e adaptarse á situación actual da sociedade, co obxecto de dar continuidade e mellorar o servizo que prestan os CIM.

Cabe destacar que este novo Decreto establece como de carácter prioritario as actividades de prevención, información, asesoramento e loita en xeral contra a violencia de xénero, así como a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Ademais a atención poderase estender ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas coa intención de reducir o impacto negativo que a situación de violencia

produce nestas persoas. Tamén será prioritaria a atención a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 09:45
Nº Rexistro: 15942
Data envío: 11/09/2017 09:45:35.198

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 9:45:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16301
Data envío: 13/09/2017 13:32:17.147

Data 13/09/2017 13:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 3987**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as máis, sobre **“a información do Goberno galego en relación co grao de reversión na actualidade das revisións levadas a cabo nos coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que pescan en augas internacionais coa reintegración dos seus dereitos de xubilación aos afectados”**, (publicada no BOPG número 58, do 2 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central buscou unha solución e mantivo o coeficiente redutor de xubilación dos tripulantes de buques palangreiros e arrastreiros de altura e grande altura, de xeito que non teñan que prolongar a idade de xubilación.

Os contactos entre a Xunta de Galicia co Goberno central establecéronse tan pronto como se deu traslado por parte do sector sobre este problema:

- En febreiro de 2016, a secretaria xeral técnica da Consellería do Mar reuniuse por primeira vez en Madrid con representantes da Dirección Xeral da Mariña Mercante e do Instituto Social da Mariña para abordar este asunto e dende entón non cesaron os contactos co Goberno Central para que as consideracións de Galicia fosen tidas en conta.
- En outubro de 2016 tivo lugar outra reunión en Madrid entre representantes da Consellería do Mar co Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, o Ministerio de Empleo y Seguridad Social e o Ministerio de Fomento. Nela fíxose balance do asunto e nela o Goberno central anunciou que estaba traballando nunha solución inmediata.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16301
Data envío: 13/09/2017 13:32:17.147

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:32:12



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 4102** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a situación da música en Galicia”**, (publicada no BOPG número 58 do 2 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A situación da música en Galicia presenta un panorama diverso que cómpre analizar na súa amplitude, diferenciando entre formación e divulgación musical; entre actividade profesional e afeccionada; ou entre tipoloxías de estilos e actividades musicais. A Xunta de Galicia promove múltiples iniciativas e programacións de contido musical para afortalar a oferta cultural, asentar públicos existentes e crear novos públicos e audiencias, favorecer sinerxías coa formación académica, impulsar a participación social e estimular o emprendedurismo musical da sociedade galega.

A Consellería de Cultura e Educación, a través da Secretaría Xeral de Cultura, da Axencia Galega das Industrias Culturais e da Cidade da Cultura de Galicia, levan a cabo unha diversa e intensa proposta de actividades musicais a través de programacións propias, de colaboracións con ciclos e proxectos externos, e de subvencións en convocatorias de concorrencia competitiva. Por exemplo, se temos en conta os datos das programacións fomentadas directamente pola AGADIC, hai un claro avance nos últimos anos; así, nos tres programas de fomento da actividade musical en Galicia (‘Cultura no Camiño’, Rede Galega de Música ao Vivo e Rede Galega de Teatros e Auditorios), os datos de funcións pasaron de 200 en 2013 a 347 en 2016.

E no ámbito da música clásica, ademais do apoio da Xunta de Galicia ao funcionamento e programación das dúas orquestras sinfónicas profesionais de Galicia, a Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia, colabórase coas asociacións líricas da Coruña, Vigo e Santiago para impulsar o xénero operístico; incídese na difusión da música contemporánea, a música relixiosa, a música de órgano e a formación e difusión musical nos diferentes ámbitos da clásica: vento-metal, instrumentos de teclado, percusión etc.

Ademais, os departamento de Educación da Xunta de Galicia son responsables dunha parte das ensinanzas musicais, un aspecto fundamental na capacitación dos creadores musicais. Galicia conta con 18 centros autorizados de música, 36 conservatorios (ensinanzas regradas), 72 escolas municipais de música (ensinanzas non regradas), e 34 escolas privadas de música, os cales totalizan unha oferta formativa global de 160 centros. Nas ensinanzas regradas de música, no curso 2014-2015 estaban destinados a esta finalidade 1.008 docentes, sendo o 38,3% profesoras. E no curso 2015-16, un total de 21.873 estudantes cursaban estudos de música (regrados –elementais, superiores e profesionais– e non regrados).

Unha parte moi representativa da difusión musical en Galicia, que está vivindo un momento de gran recoñecemento dentro e fóra, está constituído polo amplo e diverso (en estilos e espazos) panorama dos festivais musicais. A Consellería de Cultura ten unha liña clara de apoio a estos eventos únicos, que consideramos estratéxicos, con repercusións non só na industria musical, senón tamén a nivel social, económico e turístico. Este apoio está baseado nunha liña de subvencións, en concorrencia competitiva, na que se apoian os principais festivais musicais profesionais que se celebran en Galicia. Estos festivais teñen a particularidade de estar coordinados en datas para non coincidiren no tempo, e ter daquela unha axenda de festivais que se desenvolven durante todo o verán. A través destas axudas fináncianse proxectos referenciais como Resurrection Fest, Portamérica, Sinsal, Revenidas, Son Rías, Festival da Luz, FIV de Vilalba, V de Valarés etc.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:53
Nº Rexistro: 16011
Data envío: 11/09/2017 13:53:55.323

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 13:53:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16595
Data envío: 14/09/2017 15:32:38,377

Data 14/09/2017 15:32

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 4267**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“as medidas previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas infraccións denunciadas polos axentes da Dirección Xeral de Tráfico nos autobuses que prestan o servizo de transporte escolar en Galicia.”**, (publicada no BOPG número 63 do 9 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 2.03.2017, ao darlle resposta á pregunta 4266 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16595
Data envío: 14/09/2017 15:32:38,377

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:32:34



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 4346**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a adoptar o Goberno galego para a conservación e convivencia do lobo cos seres humanos”**, (publicada no BOPG número 63 do 9 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Tendo en conta o establecido no Plan de Xestión desta especie, ademais do estado poboacional do lobo na zona, tense en conta para autorizar batidas o nivel de recorrencia dos danos, o número de reses afectadas, as medidas preventivas establecidas polas explotacións que teñen sufrido os danos e o grao de conflictividade social asociado a estes episodios.

En canto á situación do lobo na comunidade, os últimos traballos de campo realizados en Galicia para o censado da especie confirman que a presenza do lobo é xeneralizada en todo o territorio, podéndose concluír que as poboacións, en termos xerais, mantéñense.

En relación ás medidas tomadas, cómpre sinalar que o Goberno galego está a aplicar todo o paquete de actuacións incluído no Plan de Xestión da especie, aprobado mediante o Decreto 297/2008.

Finalmente, con respecto a Friol, a actuación mencionada contou con todos os informes e autorizacións preceptivas de acordo coa lexislación sectorial aplicable en materia cinexética,

así como o propio Plan de Xestión da especie”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 16297
Data envío: 13/09/2017 13:31:58.209

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:31:53



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 4609**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a apertura ao público das instalacións do mosteiro de San Clodio, no concello de Leiro.”**, (publicada no BOPG número 67 do 16 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través de Turismo de Galicia, vén de rematar as obras para a conversión nun spa de viñoterapia do Mosteiro de San Clodio, situado no concello ourensán de Leiro. Un mosteiro que, cabe destacar, non está pechado e no que se continúan a ofrecer os servizos hoteleiros habituais pola empresa xestora, así como as visitas culturais ao mesmo.

Estas obras, que se remataron hai uns meses e que contaron cun investimento de 1,3 millóns de euros, estiveron centradas na rehabilitación da nave lateral do mosteiro para o seu acondicionamento como spa-viñoterapia. Na actualidade estanse a acometer tamén unhas obras de rehabilitación dos accesos.

Con estes novos servizos do Mosteiro de San Clodio, a Xunta de Galicia pon en valor, potencia e difunde os recursos turísticos asociados a este concello ourensán de Leiro, centrados nas augas termais e no viño. Uns recursos que son eixos clave da estratexia turística da Administración autonómica, como importantes elementos diferenciadores da Comunidade galega.

Posteriormente ao remate destas obras de mellora e acondicionamento dos accesos, iniciárase o procedemento administrativo correspondente de concurso para a xestión destas instalacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16016
Data envío: 11/09/2017 14:42:18.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 14:42:06



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 5119**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o remate da elaboración do Plan reitor do uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

”Tras o inicio da tramitación do Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque Nacional Illas Atlánticas no ano 2011 rexistráronse cambios substanciais que propician unha revisión en profundidade do documento preliminar.

Unha vez aprobada a lei de parques nacionais, en decembro de 2014, adaptouse tamén o Plan director de Parques Nacionales (Real Decreto 389/2016, de 22 de outubro), que é de un documento reitor para todos os parques nacionais.

Tendo en conta isto, o obxectivo do Goberno galego é presentar ao longo deste ano 2017 o documento definitivo adaptado á normativa aprobada ata o momento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:24
Nº Rexistro: 16292
Data envío: 13/09/2017 13:24:20.566

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:24:14



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5158**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre “ **o significado do anuncio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de compatibilizar a conservación dos parques nacionais e naturais de Galicia co seu gozo**”, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Compatibilizar a conservación dos parques naturais co turismo sostible significa promocionar os espazos naturais de Galicia co obxectivo de incrementar o seu coñecemento. Isto sempre facendo compatible a promoción coa conservación dos seus valores naturais, establecendo límites naqueles casos nos que a demanda supera a capacidade do espazo, como no caso do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas ou a praia das Catedrais, e incrementando a promoción daqueles espazos menos coñecidos.

A natureza é un dos grandes atractivos de Galicia, e os espazos naturais protexidos son o mellor exemplo da excepcional súa riqueza natural. A súa promoción, respectando en todo momento os seus valores naturais, é sen dúbida unha das mellores formas de poñer en valor a contorna natural da nosa comunidade. Trátase de valorizar estes espazos naturais, convertendo a afluencia de visitantes nunha fonte de riqueza para a contorna dos mesmos.

Por outra banda, cómpre sinalar que a educación ambiental é un dos piares dos parques naturais, xa que todos eles dispoñen de aulas da natureza e de monitores especializados nesta materia. Ademais, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten asinado un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a atención de centros educativos. Do mesmo xeito, asináronse convenios coas universidades galegas para a realización de prácticas nos parques naturais. Ademais, colaborase estreitamente con centros educativos que están a desenvolver

proxectos educativos nalgúns destes espazos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:22
Nº Rexistro: 16291
Data envío: 13/09/2017 13:22:28.721

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:22:24



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:20
Nº Rexistro: 16287
Data envío: 13/09/2017 13:20:42.892

Data 13/09/2017 13:20

RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 5211**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o órgano da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que se está a encargar do control da execución do servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados de Galicia”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Segundo consta na documentación do expediente relativo ao servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), o número de empresas admitidas nesta licitación foi de 81.

En ningún caso, esta actuación puntual realizada a través deste contrato implica que non se estean a realizar labores permanentes de conservación e protección dos nosos ecosistemas fluviais, a través dos medios propios da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Segundo consta no expediente, o órgano responsable do contrato é a correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en cada provincia.

Finalmente, cómpre subliñar que os traballos obxecto do presente contrato foron rematados no

CVE-PREPAR: 6da40e23-de73-4f92-ee80-379b94610673

pasado mes de decembro, sendo realizados satisfactoriamente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:20
Nº Rexistro: 16287
Data envío: 13/09/2017 13:20:42.892

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:20:38



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 5246**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de elaborar unha nova Lei de igualdade para axilizar a consecución da igualdade real entre mulleres e homes.”**, (publicada no BOPG número 71 do 22 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 17 de febreiro de 2016, publicábase no DOG o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Elaborouse un texto refundido coas leis que teñen como obxecto directo a regulación en materia de igualdade e que, mediante este decreto legislativo, son derogadas expresamente:

- A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- A Lei 7/2010, do 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Tamén se derrogan expresamente as disposicións adicionais quinta e sétima da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, relativas ao Consello Galego das Mulleres e á Comisión Interdepartamental da Igualdade, que se integran no novo texto.

O texto pode consultarse no seguinte link:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160217/AnuncioG0244-110216-0005_gl.html

En todo caso, a Xunta de Galicia atenderá á avaliación da aplicación do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade prevista no Plan de traballo da Comisión non permanente de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres do Parlamento de Galicia, onde se atopan representados todos os grupos parlamentarios.

Por último, cómpre engadir que a Xunta de Galicia conta cunha folla de ruta clara e ambiciosa para seguir avanzando decididamente nos vindeiros anos cara a igualdade entre homes e mulleres, o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 10:03
Nº Rexistro: 15943
Data envío: 11/09/2017 10:03:11.439

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 10:03:01



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 5340** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio respecto das obras realizadas polo Concello de Dodro nun camiño que afecta o achado arqueolóxico do castro de Imo, malia a existencia dun informe desfavorable”**, (publicada no BOPG número 75 do 1 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 4.05.2017- ao darlle resposta á pregunta 5338 sobre o mesmo tema e formulada polas mesmas deputadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:19
Nº Rexistro: 16281
Data envío: 13/09/2017 13:19:04.782

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:19:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:17
Nº Rexistro: 16279
Data envío: 13/09/2017 13:17:24.782

Data 13/09/2017 13:17

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 5452**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a inexistencia de representación oficial da Xunta de Galicia nos actos de promoción da vila de Cambados como Cidade Europea do Viño 2017.”**, (publicada no BOPG número 75 do 1 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 12.5.2017- ao darlle resposta á pregunta 5453 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:17
Nº Rexistro: 16279
Data envío: 13/09/2017 13:17:24.782

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:17:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:14
Nº Rexistro: 16274
Data envío: 13/09/2017 13:14:13.952

Data 13/09/2017 13:14

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 6068**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da incidencia que vai ter, para a regulación do mercado actual, a redacción que presenta o Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 6ª do 6.4.2017- ao darlle resposta á pregunta 6067 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:14
Nº Rexistro: 16274
Data envío: 13/09/2017 13:14:13.952

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:14:09



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 6202**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e a data prevista pola Xunta de Galicia para a publicación das bases reguladoras da prestación económica de carácter periódico para as mulleres vítimas de violencia de xénero establecidas na normativa vixente.”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 24 de marzo de 2017 o DOG publicaba a resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; e a resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Así, a Xunta destina este ano case 4,5 millóns de euros para axudar ás vítimas de violencia de xénero, un orzamento que se distribuirá a través de tres liñas de axudas distintas, todas elas ampliables.

A primeira liña é a correspondente ás axudas económicas periódicas, que conta cun prazo de solicitude aberto durante todo o ano e cuxas beneficiarias son as vítimas de violencia de xénero e, por primeira vez este ano, tamén as vítimas de trata, unha iniciativa pioneira a nivel estatal.

O seu obxectivo é garantir ás mulleres as condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor para axudalas a romper esa situación de violencia. Para conseguilo, a convocatoria está dotada con algo máis de 4 millóns de euros, que se distribúen entre ese ano e o seguinte. Trátase dun orzamento ampliable que, ademais, duplica ao consignado para este mesmo fin no exercicio pasado.

A contía media da axuda sitúase nos 600 euros mensuais, variando entre os 300 e os 800 euros en función do número de menores a cargo ou de se a solicitante ten algún tipo de discapacidade.

Ademais, a Xunta dispón doutras axudas económicas de pago único, dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presuma que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego.

Neste caso, o orzamento -que tamén pode ser ampliado- ascende a 400.000 euros. O importe da axuda, con carácter xeral, será equivalente ao de seis meses do subsidio de desemprego vixente: 426 euros (80% do IPREM). Isto supón que os importes poden variar desde os 2.500 euros a algo máis de 10.000 cando concorren varias circunstancias especiais.

A terceira das convocatorias refírese á concesión de indemnizacións ás mulleres, menores ou persoas dependentes afectadas pola violencia de xénero e que non poidan percibir as indemnizacións que lles correspondan, fixadas mediante sentenza xudicial. Estas aboaranse cando exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer ditas indemnizacións por insolvencia económica e cando este incumprimento derive nunha situación de precariedade económica.

Esta liña dispón dun orzamento de 55.000 euros para 2017. A contía será a fixada pola resolución xudicial, cun máximo de 6.000 euros por persoa beneficiaria, excluídos os xuros de mora.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15972
Data envío: 11/09/2017 12:26:56.463

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:26:52



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 6708**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a elaboración da estratexia da Cultura de Galicia 2021, co fin de garantir a súa preservación e difusión.”**, (publicada no BOPG número 87 do 22 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 21.04.2017, ao darlle resposta á pregunta 6707 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as..”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16591
Data envío: 14/09/2017 15:31:44.018

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:31:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 6830**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para modificar as condicións do prego de contratación do servizo de limpeza do Centro Residencial Docente e IES @Universidade Laboral de Ourense, minorando as categorías profesionais e o número de traballadores.”**, (publicada no BOPG número 92 do 29 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 21.04.2017, ao darlle resposta á pregunta 6829 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16590
Data envío: 14/09/2017 15:31:31.346

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:31:20



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15978
Data envío: 11/09/2017 12:27:52.619

Data 11/09/2017 12:27

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7095** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da súa decisión de pechar o IES Castro da Uz, no concello das Pontes de García Rodríguez, en contra do criterio de toda a comunidade educativa”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na súa comparecencia con número de rexistro 11430, no Pleno do 11.7.2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15978
Data envío: 11/09/2017 12:27:52.619

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:27:48



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7145**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre “**a evolución do calendario de Feiras do Libro de Galicia para o ano 2017.**”, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O calendario das Feiras de Galicia inclúe en 2017 un total de 16 citas nas catro provincias galegas (Verín, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, O Porriño, Ourense, Redondela, Ribeira, Vigo, Rianxo, Mondoñedo, A Coruña, Ponteareas, Viveiro, Foz e Monforte de Lemos), a cifra máis elevada na última década. O Goberno galego amplía dous encontros respecto do pasado ano co fin de impulsar o comercio interior editorial e de enriquecer a programación de actividades de dinamización da lectura no conxunto do territorio.

E para impulsar o comercio exterior, a Xunta de Galicia apoia, un ano máis, a participación do libro e da literatura galegas nas principais citas internacionais do ámbito da edición: as feiras do libro de Buenos Aires, Frankfurt, Guadalaxara (México) e de Boloña. Ademais, a Consellería de Cultura e Educación recupera este ano a participación da industria galega do libro na principal cita da edición no Estado español: Liber.

Nestas feiras, a Xunta de Galicia pon ao dispor do sector editorial galego un stand para a exhibición de novidades editoriais e para a realización de reunións comerciais, ademais de apoiar a realización de actividades de difusión do libro e da literatura galega e mais a asistencia a estas citas de recoñecidos escritores e escritores do noso sistema literario actual.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16589
Data envío: 14/09/2017 15:25:40.250

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:25:36



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7147**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“os piares nos que está a fundamentar a Xunta de Galicia as súas políticas de apoio ao libro e a literatura galega.”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A resposta a esta pregunta sobre principais actuacións que está a impulsar o Goberno galego para a mellora do sector editorial, así como para apoiar a literatura e dinamizar a lectura entre a cidadanía, especialmente nas franxas de idade máis novas, foi ofrecida polo secretario xeral de Cultura na Comisión 4ª de Educación e Cultura con datas 9 de febreiro e 19 de maio de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16588
Data envío: 14/09/2017 15:25:31.015

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:25:24



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7151**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“os eixes fundamentais da aposta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo fomento e a dinamización da lectura no territorio galego.”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Respecto da pregunta formulada, o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, presentou en sede parlamentaria (na Comisión 4ª de Educación e Cultura celebrada os días 9 de febreiro e 19 de maio de 2017), as principais actuacións que está a impulsar o Goberno galego para a mellora do sector editorial, así como para apoiar a literatura e dinamizar a lectura entre a cidadanía, especialmente nas franxas de idade máis novas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16587
Data envío: 14/09/2017 15:25:19.749

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:25:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:12
Nº Rexistro: 16272
Data envío: 13/09/2017 13:12:33.811

Data 13/09/2017 13:12

RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para a posta en funcionamento das obras executadas para o abastecemento de auga potable ás parroquias de Nantón e Anos, no concello de Cabana de Bergantiños, así como para dar servizo ao futuro parque empresarial da Costa da Morte”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

”En primeiro lugar, cómpre subliñar que a valoración da necesidade deste investimento realizouse no ano 2008. Nesa data, en función da dispoñibilidade orzamentaria existente e da necesidade e xustificación técnica e económica, entendeuse que era procedente a súa realización.

Este proxecto de abastecemento, como calquera outro, establece as determinacións técnicas para proceder a executar unha determinada obra hidráulica e non inclúe ningunha valoración sobre a necesidade ou non de construción dun polígono.

O contrato adxudicouse en 2010 e, posteriormente, a empresa contratista entrou en concurso voluntario de acredores, ditándose en 2014 apertura da fase de liquidación.

Actualmente, estase a tramitar o procedemento de extinción do contrato por incumprimento do contratista”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:12
Nº Rexistro: 16272
Data envío: 13/09/2017 13:12:33.811

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:12:29



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7212**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a opinión do Goberno galego respecto do impacto que ten nos ríos galegos a superpoboación do corvo mariño cristado xigante**”, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Con respecto a esta iniciativa, cómpre indicar que non se coñece ningunha especie con presenza en Galicia que responda á denominación ‘corvo mariño cristado xigante’. Non obstante, coa denominación ‘corvo mariño cristado’ identifícase unha especie de ave mariña (*Phalacrocorax aristotelis*), catalogada como vulnerable tanto no catálogo galego como no español de especies ameazadas (regulados mediante o Decreto 87/2007, do 19 de abril e o Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, respectivamente). Con todo, non se ten detectado ningún problema para os ríos galegos relacionados coa citada especie.

Non obstante, con respecto á poboación de ‘cormorán grande’ (*Phalacrocorax carbo*), ave acuática de dieta piscívora invernante presente nos estuarios e en zonas dulceacuícolas de Galicia e á que se pode referir a pregunta, cómpre indicar que recentemente a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinou un convenio de colaboración coa Federación Galega de Pesca. Neste documento, incorporouse xa unha partida para a elaboración dun estudio das posibles medidas tendentes a minimizar o impacto de determinadas especies de avifauna no ecosistema fluvial (entre as que se inclúe o cormorán grande). O obxectivo é

acadar un equilibrio, aos efectos dun aproveitamento sustentable das poboacións de peixes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:11
Nº Rexistro: 16271
Data envío: 13/09/2017 13:11:07.436

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:11:02



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7249**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do desenvolvemento do Decreto 48/2016, do 10 de agosto, de vivendas vacacionais e vivendas de uso turístico, dende a súa entrada en vigor..”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O decreto supón levar a cabo unha regulación específica para este tipo de aloxamento que non existía con anterioridade ao estar comprendido dentro das especialidades de pensión.

O obxectivo desta nova norma é acadar un incremento na calidade dos albergues turísticos, como establecementos que fan atractivo o noso territorio como destino turístico.

Unha das novidades máis destacadas que inclúe a nova regulación é unha nova clasificación para os albergues turísticos baseada en dúas categorías . Así mesmo, introduce o recoñecemento dunha categoría especial para os albergues de peregrinos do Camiño de Santiago.

Ademáis, con esta nova normativa deuse un paso na modernización da regulación introducindo as novas tecnoloxías, a racionalización nas esixencias de espazos e servizos, na categorización e na calidade ao esixir medidas mais acordes coa normativa de habitabilidade. Todo isto dentro da realidade dos albergues e o sector xa existente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:10
Nº Rexistro: 16267
Data envío: 13/09/2017 13:10:15.170

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:10:10



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7251**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“os resultados das inspeccións realizadas durante o ano 2016 nos albergues existentes en cada unha das provincias galegas.”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Durante o pasado ano 2016, os servizos de inspección turística da Xunta de Galicia realizaron un total de 237 inspeccións nos albergues turísticos de Galicia.

Por provincias, leváronse a cabo un total de 107 inspección na provincia de A Coruña, 81 en Lugo, 9 en Ourense e un total de 40 na provincia de Pontevedra.

No referido aos albergues de titularidade pública, cómpre sinalar que, de acordo coa Lei de Turismo de Galicia estes aloxamentos quedan excluídos do ámbito da lei, polo que non se realizaron inspeccións por parte dos servizos de inspección turística da Xunta de Galicia.

En canto ás conclusións das inspeccións, estas son moi variables dependendo do establecemento de que se trata. Hai albergues de moi boa calidade que respectan a normativa e ofrecen un bo servizo ao peregrino e outros que ofertan exceso de prazas ou que cometen deficiencias nos servizos que son requiridos para a súa subsanación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 67b616a2-a082-db57-1032-95bdf811eb29

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:09
Nº Rexistro: 16266
Data envío: 13/09/2017 13:09:53.529

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:09:49



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15977
Data envío: 11/09/2017 12:27:43.198

Data 11/09/2017 12:27

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 7656**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona Paula Vázquez Verao, sobre “**a información da Xunta de Galicia en relación coas dificultades económicas da entidade colaboradora de adopción internacional Addis Galicia, o tipo de fiscalización levada a cabo sobre ela e o control realizado respecto da execución dos contratos de adopción asinados por familias galegas desde o ano 2011 en Etiopía e Burundi coa entidade, así como o mantemento de contactos co Goberno central para desbloquear a tramitación dos expedientes de adopción paralizados polo seu peche**”, (publicada no BOPG número 106, do 27 de abril de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con motivo do debate da pregunta 6133 que tivo lugar na Comisión 5ª celebrada o 29 de marzo de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15977
Data envío: 11/09/2017 12:27:43.198

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:27:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 7685**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón VilaSánchez e outros/as deputados/as do memo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da elección pola Deputación Provincial da Coruña da estación de esquí de Leitariegos, en León, para realizar a Campaña de Esquí para o ano 2017 e o desbote para ese fin da Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda, en Ourense.”**, (publicada no BOPG número 101 do 20 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A Deputación Provincial da Coruña é a institución pública que presta servizo aos 93 concellos da provincia da Coruña, polo tanto é a entidade encargada do órgano de goberno e administración da provincia coruñesa. Como institución pública que é ten os seus propios criterios e protocolos de actuación para levar a cabo a política provincial polo que habería que preguntar á Deputación Provincial da Coruña, gobernada en minoría polo PSdeG co apoio do BNG, da Marea Atlántica e de Alternativa dos Veciños, por que prefire conceder un contrato a unha estación de esquí situada noutra comunidade diferente a Galicia cando na nosa propia comunidade dispoñemos dunha das mellores e pioneiras estacións de esquí do panorama nacional como é Manzaneda. Desde a Xunta de Galicia entendemos que, case sempre, cando existe un goberno en minoría en lugar de deixar gobernar á lista máis votada (o PPdeG conta na Deputación con 13 deputados) prodúcense erros de xestión deste tipo.

Desde o Goberno galego confiamos ao 100% nas posibilidades das infraestruturas galegas e consideramos que os recintos deportivos dos que dispoñemos en Galicia ben sexan de titularidade autonómica ou municipal, contan con todas as garantías para acoller calquera evento de primeira categoría. Deste xeito, a estación de esquí de Manzaneda, na que a Xunta de Galicia participa maioritariamente xunto á Deputación Provincial de Ourense e aos concellos de Pobra de Trives e Manzaneda, é como xa apuntamos unha excelente estación de esquí do panorama nacional cunha ampla oferta deportiva e lúdica tanto en inverno como en verán xa que a Xunta de Galicia leva tempo apostando pola desestacionalización. Deste xeito, a estación de esquí de Manzaneda conta con diversas actividades que permiten o seu funcionamento durante todo o ano.

Ademais do esquí dispón de: campos de fútbol de herba, pistas de tenis, circuíto de karts, hípica, mountain bike, piscina climatizada, pista polideportiva exterior e pavillón cuberto multiusos con ximnasio, Tirolina Xigante e Parque Multiaventura.

No que atinxe á práctica do esquí, Manzaneda conta cunha gran extensión de pistas (17 km), 23 pistas homologadas de esquí alpino de diversas dificultades, un circuíto de 5 km para esquí de fondo; e un Snow Park (XabaPark) con diferentes módulos. A estación complétase con 4 telesquíis e dous modernos telesillas de catro e seis prazas que permiten desprazar a 7.600 esquiadores/hora. Tamén dispón de escola de esquí, para aqueles que queiran iniciarse ou perfeccionar a súa técnica e tamén dispón dun renovado servizo de aluguer de material de esquí e snowboard.

A Xunta de Galicia segue a realizar unha forte aposta pola modernización da estación de esquí de Manzaneda como o demostran os investimentos no complexo como o contrato de innivación, xa adxudicado, que a partir duns canóns de neve permitirá que a estación sexa máis competitiva nos meses de inverno.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:08
Nº Rexistro: 16262
Data envío: 13/09/2017 13:08:35.888

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:08:31



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16586
Data envío: 14/09/2017 15:24:44.687

Data 14/09/2017 15:24

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 8007**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas incertezas, novidades e demora na publicación detectada pola valedora do pobo nas instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade.”**, (publicada no BOPG número 106 do 27 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 4ª do 18.05.2017, ao darlle resposta á pregunta 8006 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16586
Data envío: 14/09/2017 15:24:44.687

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:24:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 8050** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento na actualidade da Lei 1/2014, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía”**, (publicada no BOPG número 106 do 27 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia con motivo da comparecencia a petición propia do secretario xeral de Política Lingüística con número 9123 e debatida Comisión 4ª de data 15/06/2017; á que nos remitimos. Nela fíxose unha análise das accións de fomento dos lazos culturais e lingüísticos de Galicia co mundo da lusofonía, ao amparo da Lei 1/2014.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:06
Nº Rexistro: 16259
Data envío: 13/09/2017 13:06:25.590

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:06:20



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 8286** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para salvagardar o legado de Isaac Díaz Pardo”**, (publicada no BOPG número 109 do 3 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Biblioteca de Galicia custodia, en réxime de comodato desde 2011, o legado documental recompilado e realizado por Isaac Díaz Pardo, un dos máis insignes persoeiros da cultura galega do século XX.

Dentro deste legado, o fondo documental de Camilo Díaz Baliño é un dos máis destacados. Trátase do material reunido por Díaz Pardo relacionado con seu pai, Camilio Díaz Baliño, falecido en 1936. Conta cunha pequena biblioteca persoal, 10 álbums elaborados por Camilo Díaz que recollen toda a súa actividade profesional en América como escenógrafo, ao redor de 200 fotografías, debuxos e relatos orixinais, ademais dun centenar de cartas e documentos persoais, entre os que se atopa o documento orixinal do xuíz que dá conta da morte do seu pai.

Gran parte deste material foi dixitalizado pola Biblioteca de Galicia, en colaboración con Telefónica, durante o ano 2012. O resultado foi a catalogación de 50 unidades documentais e a conversión a formato dixital de máis de 1.700 páxinas.

Con motivo da entrada en dominio público da obra de Camilo Díaz Baliño e tamén para conmemorar o aniversario da morte de Díaz Pardo, a Biblioteca de Galicia puxo a disposición de todos os usuarios e usuarias, a comezos de 2017, este fondo documental de grande importancia para o estudo e a investigación da historia e da cultura galegas.

paxina 1 de 2

Ademais, para lle achegar o legado pictórico de Díaz Pardo á cidadanía, o Museo de Belas Artes incorporou este ano á súa colección a obra 'O discurso', de Isaac Díaz Pardo, que lle foi cedido pola Deputación da Coruña. Deste xeito, o museo autonómico enriquece e completa a presenza de Díaz Pardo na súa colección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:19
Nº Rexistro: 16002
Data envío: 11/09/2017 13:19:52.139

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 13:19:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16585
Data envío: 14/09/2017 15:24:35.687

Data 14/09/2017 15:24

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 8392**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de executar obras para a recuperación e rexeneración do espazo natural do contorno á praia da Carabuxeira, en Sanxenxo”**, (publicada no BOPG número 113, do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No caso da Praia de Carabuxeira, Portos de Galicia limítase a actuar seguindo os ditames xudiciais. Destes derívase que o ente público non é a Administración legalmente competente para proxectar nin executar as medidas correctoras que se requiren na praia da Carabuxeira.

Pese a que non é competencia de Portos a execución das obras, si que como ente titular dos terreos da concesión asume a responsabilidade de analizar todos os escenarios posibles respecto á reparación da contorna e polo tanto proponse como parte do entendemento entre as partes implicadas para atopar a mellor solución para os veciños de Sanxenxo.

Por tanto, a Xunta de Galicia propón a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16585
Data envío: 14/09/2017 15:24:35.687

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:24:31



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 8495**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da achega dalgún apoio económico e institucional ao Concello de Cambados para realizar as actividades derivadas do nomeamento desa vila como Cidade Europea do Viño 2017”**, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, dentro do seu compromiso coa promoción turística de Galicia como motor de desenvolvemento económico e xerador de benestar social, mantén una colaboración fluída e constante coas diferentes administracións públicas e co propio sector. Non podería ser doutro xeito nun eido tan relevante para a economía e a imaxe de Galicia a nivel internacional. Esta cooperación dáse tamén, e dun xeito moi relevante, co Concello de Cambados, tal e como se pon de manifesto a través dos distintos convenios asinados no último ano para traballar por obxectivos comúns e de interese xeral. Isto é así sempre e en calquera circunstancia que se presente.

A distinción de Cambados como Capital Europea do Viño 2017 é, sen dúbida, unha boa noticia da que todos nos alegamos porque supón un recoñecemento aos viños das Rías Baixas, que teñen na Festa do Albariño deste concello pontevedrés a festa vitivinícola máis antiga de Galicia. Desde a Xunta vimos apoiando esta celebración ano a ano como vehículo de difusión dun dos emblemas da nosa cultura e, ao mesmo tempo, motivo de prestixio e de atracción de visitantes, que atopan neste recurso un forte valor engadido e que nos axudan a conservar as nosas tradicións.

De aí que neste 2017, desde a Xunta de Galicia volvéramos asinar un convenio co Concello de Cambados para apoiar a Festa do Viño Albariño, que goza da distinción de Interese Turístico Nacional e que ocupa un lugar moi relevante na nosa política turística. A través deste acordo, colaboramos na súa promoción, contribuíndo a súa consolidación e a consolidación de Cambados como destino enolóxico, unha oferta onde ocupa unha posición moi destacada, con proxección e notoriedade non só en Galicia, senón en numerosos países, e que desestacionaliza a nosa demanda.

Cambados forma parte, así mesmo, da Mancomunidade do Salnés, a cuxos fins contribúese desde a Xunta de Galicia a través doutros convenios paralelos, que se suman ao asinado co propio Concello. Precisamente un dos convenios en vigor este 2017 impulsa accións de promoción en mercados internacionais co obxectivo de potenciar o turismo na comarca e consolidar un destino máis competitivo. Unha das accións máis salientables desde convenio é, precisamente, a encamiñada a acadar a declaración da Festa do Albariño como Festa de Interese Turístico Internacional, coa repercusión que esta distinción xeraría. Para logralo, o acordo inclúe numerosas iniciativas como un press-trip, ademais da promoción en mercados internacionais. Así, pódense enumerar as presentacións levadas a cabo en Rusia, Kiel (Alemaña) ou Nápoles, ademais das accións de promoción en Reino Unido ou a presentación do destino para periodistas de mercados internacionais e touroperadores en Madrid.

Non é o único convenio impulsado desde o Goberno galego no que Cambados e os seus recursos enolóxicos teñen presenza. Aos anteriores débese engadir o acordo bianual co xeodestino que afonda na internacionalización da comarca, en accións de marketing, deseño de produtos turísticos, promoción e comercialización, entre outros fins que rodean á celebración de Cambados como Capital Europea do Viño.

Á vista do indicado, é máis que evidente o decidido apoio da Xunta a esta distinción, que fai de Cambados un referente do enoturismo, un dos produtos de cabeceira cos que Galicia preséntase nas numerosas feiras internacionais nas que participa ao longo de todo o ano e en calquera evento no que o albariño é o protagonista.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:05
Nº Rexistro: 16258
Data envío: 13/09/2017 13:05:58.481

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:05:54



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16373
Data envío: 13/09/2017 14:47:44.332

Data 13/09/2017 14:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 8762**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a conflitividade existente no sector da extracción do percebe”**, (publicada no BOPG número 115, do 18 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 20 de xaneiro a través da iniciativa 2909 e tamén en sesión plenaria do 27 de decembro, a través da iniciativa 2356, por parte da conselleira titular do departamento, onde explicou que a normativa sinala que cando nun mesmo plan de xestión se inclúan zonas de traballo a pé e desde embarcación que non están separadas para ambos colectivos, os tripulantes só poderán acceder ao recurso por terra en caso de mal tempo.

Ademais existe un informe xurídico de 2005 sobre a posibilidade de acceso a nado de pedras próximas que conclúe que ‘o acceso ao percebe só pode realizarse a través das modalidades previstas na norma, a pé desde as rochas (percebeiros a pé) e desde embarcación (percebeiros a flote)’.

Por tanto, o cometido da Consellería do Mar é facer cumprir a lexislación e hai que aclarar que é falso que se impida faenar en Baiona e no resto de Galicia a quen cumpre coa normativa vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16373
Data envío: 13/09/2017 14:47:44.332

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:47:39



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 9040** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da información facilitada aos centros para a preparación, no curso 2016-2017, das probas da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade previstas na LOMCE”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda estas iniciativas foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en reiteradas ocasións, como por exemplo, en resposta por escrito á pregunta con número 1129 e publicada no BOPG número 56, de data 31/01/2017.

Máis recentemente, tamén a instancias do mesmo grupo parlamentario, a Consellería deu resposta oral á pregunta con número 9170 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/05/2017; á que nos remitimos.

Puntualizar que non se pode falar de reválidas, senón de probas de avaliación; ao tempo que hai que lembrar que as mesmas foron realizadas en Galicia e noutras comunidades autónomas, segundo o previsto e en cumprimento da normativa vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:29
Nº Rexistro: 15980
Data envío: 11/09/2017 12:29:54.120

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:29:49



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9047**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da introdución de modificacións no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar para incrementar o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores”**, (publicada no BOPG número 117, do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar apostou sempre pola profesionalización do sector marisqueiro. No ano 1991 acadouse un pacto co sector para profesionalizar o labor de mariscadora e contemplar así a necesidade de cotizar á Seguridade Social. Desde aquel momento procedeuse a unha incorporación progresiva á cotización en canto que se foron mellorando as rendas, ata chegar ao ano 2000 cando se fixo efectiva a necesidade de presentar a xustificación da cotización para renovar o permex.

Ademais, xerouse tamén a posibilidade de que contabilice, a efectos de anos cotizados, aqueles pagados aos réximes especiais agrarios e outros, polo que as persoas que viñan cotizando puideron facer valer tamén eses anos.

Todo isto a pesar de que houbo quen se amosou contrario á cotización por parte das mariscadoras, alentando nalgún caso a non facelo, pretendendo cotizar por horas, o cal faría posible alcanzar os 15 anos mínimos necesarios para obter unha pensión.

En todo caso, dende o Goberno autonómico apostouse por mellorar as rendas para permitir que se puidera facer fronte á cotización da Seguridade Social. E os datos actuais parecen indicar que se ten optado pola senda axeitada xa que sen ir máis lonxe, a facturación do marisqueo nas lonxas galegas no ano 2016 incrementouse un 5% máis con respecto a 2015. E xa en 2015 o valor económico das vendas de marisco aumentara nun 14% máis con respecto a 2014.

Por outra banda, a Consellería do Mar non cesa no seu empeño de incrementar os postos de traballo no marisqueo a través de distintas medidas como o plan de rexeneración de zonas improdutivas, os proxectos de reinstalación de moluscos, e no outorgamento de cada vez máis PERMEX (permisos de explotación). No 2016 convocáronse 278 permex para marisqueo a pé e 11 para marisqueo a flote, e no que levamos de ano (2017) convocáronse máis de 90 permisos de marisqueo a pé e 15 de percebe a pé.

Hai que deixar claro que o 2015 foi o primeiro ano da serie histórica iniciada coa profesionalización da actividade no ano 2000 no que sube o número de permex de marisqueo a pé.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16369
Data envío: 13/09/2017 14:45:53.425

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:45:49



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16382
Data envío: 13/09/2017 15:48:12.340

Data 13/09/2017 15:48

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9453**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas que está a implementar o Goberno galego durante as tempadas de veda do polbo para garantir o cumprimento da normativa establecida contra o furtivismo”**, (publicada no BOPG número 120, do 31 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O período de veda durante o cal non foi posible capturar pulpo foi entre o 19 de maio e o 3 de xullo deste ano. Durante este período foron incautados polo Servizo de Gardacostas de Galicia un total de 307 nasas e 575 cacharros.

En canto ás medidas que ten previsto implementar o Goberno galego para garantir o cumprimento da normativa son as de seguemento e control que son as mesmas que se fan para o resto das especies, co engadido de que neste caso se inspeccionan as nasas e se verifica a non utilización de cacharros. Proba diso son os resultados no número de incautacións de nasas e cacharros que tiveron lugar durante o este período de veda.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16382
Data envío: 13/09/2017 15:48:12.340

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 15:48:06



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16381
Data envío: 13/09/2017 15:47:58.605

Data 13/09/2017 15:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9454**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da responsabilidade da vixilancia durante a veda do polvo”**, (publicada no BOPG número 120, do 31 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O período de veda durante o cal non foi posible capturar pulpo foi entre o 19 de maio e o 3 de xullo deste ano. Durante este período foron incautados polo Servizo de Gardacostas de Galicia un total de 307 nasas e 575 cacharros.

En canto ás medidas que ten previsto implementar o Goberno galego para garantir o cumprimento da normativa son as de seguemento e control que son as mesmas que se fan para o resto das especies, co engadido de que neste caso se inspeccionan as nasas e se verifica a non utilización de cacharros. Proba diso son os resultados no número de incautacións de nasas e cacharros que tiveron lugar durante o este período de veda.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 66462a44-d5c1-34d0-59b6-aa044359254

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16381
Data envío: 13/09/2017 15:47:58.605

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 15:47:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:31
Nº Rexistro: 15982
Data envío: 11/09/2017 12:31:27.183

Data 11/09/2017 12:31

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 9459** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as razóns da exclusión daquelas persoas que remataron a súa licenciatura antes de 2006 na convocatoria de axudas para o ano 2017, de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego”**, (publicada no BOPG número 120 do 31 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 9238 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 06-07/06/2017; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:31
Nº Rexistro: 15982
Data envío: 11/09/2017 12:31:27.183

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:31:22



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:57
Nº Rexistro: 16492
Data envío: 14/09/2017 10:57:03.114

Data 14/09/2017 10:56

RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 9821**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de adaptación de Galicia ao cambio climático”**, (publicada no BOPG número 125 do 8 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“ A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta escrita 9823 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos deputados/as ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:57
Nº Rexistro: 16492
Data envío: 14/09/2017 10:57:03.114

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:56:59



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9871**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas”**, (publicada no BOPG número 125, do 8 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende que apareceu o parasito *Marteilia cochillia* no berberecho, en 2012, a Consellería do Mar traballa para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo, a través de proxectos de investigación e axudas directas para paliar as perdas produtivas causadas pola diminución das poboacións de berberecho.

Cómpre lembrar que se aprobaron 5 proxectos de investigación específicos con cargo ós fondos da Consellería do Mar e desenvoltos no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

Id	Título accións investigaciónConsellería do Mar	Anualidades
1	Estudio da marteiliose que afecta aos berberechos <i>Cerastodema edule</i> de Galicia	2013-2014
2	Posta a punto das técnicas de cultivo en criadeiro das especies do xénero <i>Cerastoderma</i> de Galicia	2014-2016
3	Epidemioloxía da enfermidade causada por <i>Marteilia cochillia</i> nas poboacións de berberecho <i>Cerastoderma edule</i> de Galicia. En colaboración co CSIC	2015-2017
4	CROQUEDOUS – Engorde en batea de semente de berberecho producida en criadeiro. Mellora da metodoloxía de cultivo	2016-2018
5	Determinación da posible resistencia á marteiliose dunha cohorte de berberecho <i>C. edule</i> detectada no banco de O Ariño (Vilanova de Arousa)	2107-2018

Estes proxectos están dedicados a:

- Ampliar o coñecemento da enfermidade, os mecanismos de transmisión e os organismos involucrados nela.
- Investigar os protocolos de cultivo de berberecho -un eido que ata o de agora non estaba desenvolto- co obxectivo principal de poñer a punto o cultivo da especie, para proceder máis adiante á selección de estirpes resistentes e repoboar zonas con cría cultivada en hatchery

Ademais, a UE aprobou o proxecto de cooperación COCKLES, que ten como obxectivo recuperar e aumentar a produción de berberecho nas rexións do Espazo Atlántico da UE nas que ten relevancia económica, como por exemplo Galicia. Este proxecto estará xestionado e coordinado pola Xunta, a través de dous centros dependentes da Consellería do Mar.

Todo isto sen ter en conta os proxectos habituais de seguimento científico –técnico das poboacións e explotación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, desenvoltos polo CIMA.

Por outra banda, para facer fronte aos trastornos ocasionados ao sector por esta enfermidade no berberecho, o 30/12/2015 aprobouse a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se establece unha veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa (Lombos do Ulla, Boído, Cabío e outras zonas), na cal se regularon as bases e a convocatoria para o ano 2016 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, por paralización temporal da actividade marisqueira ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas por esta medida de conservación (cofinanciadas ao 50% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca), pola que se subvencionou un cese de extracción nas zonas de libre marisqueo da Ría de Arousa entre o 15/01/2016 e o 30/13/2017 a causa da caída produtiva do berberecho, que deu lugar a un reparto de 1.430.100 € entre 358 armadores e 147 tripulantes da ría de Arousa.

Así mesmo, dende o ano 2012, a Consellería do Mar emitiu os informes xustificativos dos peches por causa de forza maior nas campañas de libre marisqueo a flote na ría de Arousa, o que permitiu ao sector acceder a prestación do ISM cese de actividade por causa de forza maior.

Por último, cabe sinalar un ápice de optimismo nesta situación, xa que os últimos datos produtivos do berberecho na ría de Arousa amosan que dende o 2016 hai unha recuperación tanto en kg extraídos como en € obtidos en 1ª venda:



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:56
Nº Rexistro: 16489
Data envío: 14/09/2017 10:56:32.004

Data	Kg	Importe
2012	350.067	1.441.219 €
2013	112.588	325.430 €
2014	180.610	1.226.829 €
2015	258.709	1.142.164 €
2016	672.992	2.507.680 €
2017*	315.576	1.200.732 €
* a 21/06/2017		

En resumo, a Consellería do Mar leva traballando desde o primeiro momento para entender a situación e poder acometer as medidas oportunas para afrontar esta problemática.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:56
Nº Rexistro: 16489
Data envío: 14/09/2017 10:56:32.004

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:56:27



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da solicitude dunha nova avaliación do ‘stock’ da cigala na zona VIIIc, así como na zona IXa situada en augas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 125, do 8 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Antes de nada convén sinalar que a Consellería do Mar traballou da man do sector desde o primeiro momento, concretamente coa frota de arrastre, para demostrar que non era necesaria a decisión de manter pechada a cota da cigala durante os próximos tres anos, ao impoñer a UE un TAC cero. É importante que se coñeza todo o traballo que este departamento ten levado a cabo a través de múltiples reunións a varias bandas para dar solución a este asunto.

Visto o impacto que ten para a nosa flota por ser capturas accesorias de gran valor e as dificultades para realizar unha pesquería parcial en termos prácticos sen afectar á súa captura, e tendo en conta que esta especie podería ser descartada adecuadamente gracias a que aguanta fóra do seu ecosistema en tempo prolongado, o sector xunto a técnicos do IEO e da propia Consellería do Mar emitiron un informe no que, unha vez recabados os datos suficientes por parte do sector, constataron que existe cigala no caladoiro e que se aprecian sinais de recuperación deste recurso.

Este traballo conxunto recolle que efectivamente diminuíron as descargas de cigala pero non por cuestións biolóxicos senón por razóns puramente administrativas ao avaliarse o estado da poboación desta especie unicamente baseándose en datos de descarga.

Así, dos 80 barcos de arrastre de litoral que quedan no Cantábrico, son uns 10 os que consumen integramente a cota (de 434 quilos o ano pasado). E a pesar de que realizan intercambios con

CVE-PREPAR: b6a7d146-b826-4575-0010-23073daa2893

outras embarcacións, o certo é que queda infrautilizada, porque os armadores, pola razón que sexa, deciden non vendela, nin cedela, nin intercambiala.

O dato definitivo de que a situación da cigala non está tan mal como a describen os científicos do ICES é que, na unidade funcional 25, onde a capturan os barcos galegos, elevaron do 1,45 % do ano 2015 ao 3,78 % do 2016 a porcentaxe sobre os desembarcos totais. Tamén se incrementou a captura por unidade de esforzo e se no 2015 era de 6,46 quilos por hora, no 2016 subiu a 10,81. Resulta que incluso pescaron máis aqueles que non se dirixen á especie (0,27 quilos fronte aos 0,18 do 2015).

Todas estas conclusións foron trasladadas por medio deste informe ao propio ICES nun encontro que tivo lugar o 5 de maio para que se proceda á apertura da zona VIIIc, e no que se suxeriu realizar unha análise en profundidade sobre a cigala da unidade funcional 25 que teña en conta as tendencias históricas, os aspectos biolóxicos e os socioeconómicos, así como o impacto das cotas individuais

Con arreglo a este estudio conseguiuase que a Secretaria General de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente autorizase o inicio da campaña da cigala, que deu comezo o 10 de agosto e que se desenvolverá ata o 30 de setembro, agás as fins de semana e para a cal se agarda un óptimo número de capturas pensando tamén en que nun futuro o caladoiro CNW volva a ter cota para esta especie.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:55
Nº Rexistro: 16487
Data envío: 14/09/2017 10:55:52.504

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:55:47



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:41
Nº Rexistro: 16214
Data envío: 13/09/2017 12:41:49.815

Data 13/09/2017 12:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 9976** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para incumprir as recomendacións do Consello da Cultura Galega en relación coa catalogación das covas de Eirós, Graxeira e Cabaxa, no concello de Triacastela, como bens de interese cultural”**, (publicada no BOPG número 128 do 14 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“As manifestacións de arte rupestre non teñen que ser declaradas pola Consellería de Cultural coma ben de interese cultural senón que xa teñen esa consideración por imperio da Lei. A Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, recolle no seu artigo 94.2: Son bens de interese cultural as covas, abrigos e lugares ao aire libre que conteñan manifestacións de arte rupestre.

Polo tanto, a Cova Eirós, que é na que existen esas mostras, xa ten a consideración de ben de interese cultural.

Porén a Consellería está traballando tanto na documentación doutros valores culturais, como os indicados na propia pregunta, e as súas condicións de contorno, para establecer unha delimitación.

Estes traballos necesitan da realización de informes e a recollida de datos que están en tramitación, o que non impide que a Cova Eirós xa teña a consideración de ben de interese cultural, no que se está a traballar na actualidade.

As covas Graxeira e Cabaxa localizadas noutro accidente xeográfico, foron recollidas no Inventario de bens arqueolóxicos, aínda que nelas non se documentou polo de agora ningunha ocupación humana.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:41
Nº Rexistro: 16214
Data envío: 13/09/2017 12:41:49.815

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:41:45



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 10175**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“as razóns do Goberno galego para considerar que a lenzaría de tea é máis hixiénica e apropiada para os albergues que a de celulosa.”**, (publicada no BOPG número 128 do 14 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos entrou en vigor en maio de 2016 coa intención de regulamentar esta modalidade de hospedaxe como un dos tipos de establecemento nos que se exerce a actividade turística de aloxamento. Establécense, ademais, os requisitos para a súa clasificación, así como o réxime para o exercicio de actividades e prestación de servizos.

Trátase dun decreto co que o Goberno galego pretende garantir a calidade e a imaxe de Galicia, que é especialmente importante tamén no caso dos albergues, dado o compoñente internacional do Camiño de Santiago. Ademais, dá resposta a un dos obxectivos estratéxicos do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago, co que se busca a excelencia na experiencia dos peregrinos satisfacendo as súas necesidades e expectativas.

O que esixe a nova regulación non é máis que a necesidade de que o hóspede poida facer un uso inmediato da habitación contratada o que supón tanto que a cama conte con lenzaría, como que o baño dispoña de toalla para que esa persoa se poida asear e/ou duchar. Do mesmo modo, que é esixido nos decretos doutras Comunidades Autónomas.

Así dispónse no artigo 18 do Decreto, adicado aos cuartos que “as camas ou liteiras deberán contar cos elementos necesarios para o seu uso, como mínimo, dun xogo completo de lenzaría, manta ou edredón e almofada.” O feito de non concretar que sexa de tea especificamente permite en determinadas situacións moi puntuais non esixir que sexan de tea, sen prexuízo que o feito de usar o termo lenzaría supón presupoñer que é de tea, pola propia

definición do mesmo termo, que vén de "lenzo" ("tea de liño, cáñamo ou máis comunmente de algodón de cor branca ou crúa con pequenas motas escuras, que adoita ser basta e forte").

Por isto, a lenzaría das camas dos albergues han de ser de tea e non de papel, sen prexuízo de que as persoas titulares deste tipo de establecementos poidan dispoñer de sabas de papel a disposición daquelas persoas usuarias turísticas que as soliciten de modo expreso.

Desde o Goberno galego, baseándonos nos usos habituais, na opinión dos expertos da inspección turística e de calquera turista usuario de albergues ou calquera tipo de establecemento de aloxamento estimamos que a lenzaría de tea supón maior calidade e confort. Así mesmo, non supón un maior nivel de hixiene que o material sexa de celulosa ou tea.

Ademais, dacordo coas estimacións realizadas pola Xunta de Galicia así como por diferentes albergueiros, non existe incremento de prezo polo feito de utilizar sabas de tea ou celulosa, os prezos polo lavado e pranchado de sabas de tea son similares ao de compra de sabas de celulosa desbotables. Do que se trata é de levar a cabo un cambio no sistema de mellora e calidade do servizo ao turista.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:41
Nº Rexistro: 16212
Data envío: 13/09/2017 12:41:07.549

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:41:03



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10374**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir a continuidade da prestación do servizo de gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 128 do 14 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten iniciado a tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros adscritos ao servizo de Gardacostas de Galicia para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Hai que salientar que a empresa que resulte adxudicataria terá que prestar o mesmo servizo de salvamento marítimo por medios aéreos que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1990, garantindo, por tanto, a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos.

É certo que a Consellería do Mar xa sacara o pasado mes de abril a licitación deste servizo. Tras quedar deserto, optou por realizar unha consulta pública ao mercado, co obxecto de solicitar información e definir mellor os aspectos técnicos e económicos deste novo contrato con respecto ao anterior.

En base aos resultados acadados na consulta pública, axustáronse os importes estimados de custo do contrato e modificáronse aqueles aspectos técnicos que redundasen no incremento da concorrência e na mellora da prestación dun servizo único en España e cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo.

Este novo contrato terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe para este período é de case 33 millóns de euros. Entrará en vigor o vindeiro 1 de novembro, xa que o actual aínda está vixente ata o 31 de outubro.

Para rematar, cómpre lembrar que Galicia é a única comunidade autónoma que conta co Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon a disposición de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operacións e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:40
Nº Rexistro: 16210
Data envío: 13/09/2017 12:40:48.971

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:40:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:38
Nº Rexistro: 16206
Data envío: 13/09/2017 12:38:38.236

Data 13/09/2017 12:38

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10488**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a situación actual dos dous helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten iniciado a tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros adscritos ao servizo de Gardacostas de Galicia para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Hai que salientar que a empresa que resulte adxudicataria terá que prestar o mesmo servizo de salvamento marítimo por medios aéreos que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1990, garantindo, por tanto, a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos.

É certo que a Consellería do Mar xa sacara o pasado mes de abril a licitación deste servizo. Tras quedar deserto, optou por realizar unha consulta pública ao mercado, co obxecto de solicitar información e definir mellor os aspectos técnicos e económicos deste novo contrato con respecto ao anterior.

En base aos resultados acadados na consulta pública, axustáronse os importes estimados de custo do contrato e modificáronse aqueles aspectos técnicos que redundasen no incremento da concorrência e na mellora da prestación dun servizo único en España e cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo.

Este novo contrato terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe para este período é de case 33 millóns de euros. Entrará en vigor o vindeiro 1 de novembro, xa que o actual aínda está vixente ata o 31 de outubro.

Para rematar, cómpre lembrar que Galicia é a única comunidade autónoma que conta co Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon a disposición de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operacións e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:38
Nº Rexistro: 16206
Data envío: 13/09/2017 12:38:38,236

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:38:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 10560** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“o cumprimento e aplicación da Lei 7/2014 de arquivos e documentos de Galicia e a equiparación das condicións económicas dos traballadores de arquivos da Xunta de Galicia cos de outras institucións arquivísticas galegas e do Estado”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Lei de arquivos e documentos de Galicia estrutura o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, ademais dos arquivos de oficina controlados polos propios xestores administrativos, cos arquivos centrais, un por consellería e entidades instrumentais, que concentren os documentos producidos polas súas unidades, para apoiar a súa xestión e garantir a custodia e o acceso aos documentos. Á fronte de cada arquivo central debe estar un facultativo superior de arquivos que atenda estes procesos técnicos.

O Arquivo de Galicia, como cabeceira do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, iniciou en 2014 no ámbito da Administración autonómica o Plan de transferencias, co fin de favorecer a creación destas prazas e de realizar as transferencias de documentación que melloren a xestión documental e que reduzan o gasto en custodias externas.

No que se refire ao aspecto económico, a remuneración dos profesionais de arquivos da Xunta de Galicia é inferior cá doutras comunidades debido a que a maioría dos profesionais teñen os niveis mínimos do grupo, tanto do A1 como do A2. Está previsto que na próxima RPT os niveis 16 do A2 pasen a nivel 18. E respecto dos compañeiros e compañeiras do Parlamento, do Consello de Contas, da Universidade e mais da Administración xeral do Estado, cómpre indicar que as retribucións están en función dos complementos.

Finalmente, o interese deste goberno na boa xestión documental está demostrada na aprobación da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia que supuxo

paxina 1 de 2

un fito moi relevante para garantir que a xestión documental do sector público de Galicia se faga de acordo cos criterios técnicos que garanten a integridade, autenticidade, fiabilidade e accesibilidade dos documentos públicos e a protección e difusión do patrimonio documental galego.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:32
Nº Rexistro: 15983
Data envío: 11/09/2017 12:32:02.230

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:31:55



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16385
Data envío: 13/09/2017 15:49:22.903

Data 13/09/2017 15:49

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 10698**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego, en coordinación co Concello da Coruña, para avaliar a posibilidade de transferir a ese Concello a titularidade e xestión dos polideportivos autonómicos radicados nese termo municipal.”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 1ª do 7.07.2017 pola secretaria xeral para o Deporte, ao darlle resposta á pregunta 10696 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16385
Data envío: 13/09/2017 15:49:22.903

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 15:49:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 10733** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da oferta dun servizo de comedor propio no CEIP Novo Mesoiro”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Existen comedores de xestión indirecta (cátering) en todos os casos : xestionados pola Xunta, polas Anpas e polos Concellos .

Non existe ningún problema nas distintas modalidades de xestión, que entendemos deben ser compatibles coa responsabilidade da Administración educativa de facer un uso eficaz e eficiente dos recursos públicos.

Todos os comedores, sexan de xestión directa ou indirecta, deben cumprir coa Guía de menús saudables (elaborado pola Consellería de Sanidade), onde se establecen as condicións nutricionais, organolépticas, de gramaxe e de calidade esixidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:33
Nº Rexistro: 16202
Data envío: 13/09/2017 12:33:02.593

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:32:58



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:32
Nº Rexistro: 16201
Data envío: 13/09/2017 12:32:53.843

Data 13/09/2017 12:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10809**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para defender as demandas da flota galega durante as negociacións do acordo de pesca entre o Estado español e o Goberno portugués”**, (publicada no BOPG número 137, do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 8ª do 9.06.2017- ao darlle resposta á pregunta 7702 sobre similar tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:32
Nº Rexistro: 16201
Data envío: 13/09/2017 12:32:53.843

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:32:49



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:31
Nº Rexistro: 16199

Data envío: 13/09/2017 12:31:27.436

Data 13/09/2017 12:31

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 10945** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para pechar, para o curso 2017-2018, o CEIP Emilio Navasqües de Outes e o CPI Monte Caxado das Pontes, así como suprimir a ESO no CPI Tomás de Lemos de Ribadavia e 10 postos docentes no IES de Celanova”**, (publicada no BOPG número 140 do 5 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na súa comparecencia con número de rexistro 11430, no Pleno do 11.07.2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:31
Nº Rexistro: 16199
Data envío: 13/09/2017 12:31:27.436

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:31:23



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:30
Nº Rexistro: 16196
Data envío: 13/09/2017 12:30:58.639

Data 13/09/2017 12:30

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10950**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns existentes para non emitir a consulta preliminar ao mercado antes do inicio do expediente para a licitación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de gardacostas de Galicia, segundo o disposto na Directiva 2014/24/EU”**, (publicada no BOPG número 140 do 5 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten iniciado a tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros adscritos ao servizo de Gardacostas de Galicia para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Hai que salientar que a empresa que resulte adxudicataria terá que prestar o mesmo servizo de salvamento marítimo por medios aéreos que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1990, garantindo, por tanto, a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos.

É certo que a Consellería do Mar xa sacara o pasado mes de abril a licitación deste servizo. Tras quedar deserto, optou por realizar unha consulta pública ao mercado, co obxecto de solicitar información e definir mellor os aspectos técnicos e económicos deste novo contrato con respecto ao anterior.

En base aos resultados acadados na consulta pública, axustáronse os importes estimados de custo do contrato e modificáronse aqueles aspectos técnicos que redundasen no incremento da concorrência e na mellora da prestación dun servizo único en España e cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo.

Este novo contrato terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe para este período é de case 33 millóns de euros. Entrará en vigor o vindeiro 1 de novembro, xa que o actual aínda está vixente ata o 31 de outubro.

Para rematar, cómpre lembrar que Galicia é a única comunidade autónoma que conta co Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon a disposición de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operacións e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:30
Nº Rexistro: 16196
Data envío: 13/09/2017 12:30:58.639

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:30:49



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:28
Nº Rexistro: 16194
Data envío: 13/09/2017 12:28:05.607

Data 13/09/2017 12:27

RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 11165**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“o balance que fai o Goberno galego respecto do desenvolvemento do Plan de saneamento de Galicia 2000-2015”**, (publicada no BOPG número 140 do 5 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“No Plan de Saneamento están planificadas todas as depuradoras de máis de 2.000 habitantes equivalentes. Actualmente, están executadas todas as depuradoras recollidas nesa planificación agás a de Poio-Raxó (por razóns alleas á Administración autonómica, xa que a ubicación debe ser decidida polo concello) e a nova EDAR de Santiago de Compostela (da que en breve se asinará o convenio entre as tres partes implicadas).

Como balance, cómpre incidir en que se está a dar cumprimento á lexislación existente en materia de saneamento.

Sobre o número de cidadáns que dispoñen de sistemas de saneamento individuais, cómpre lembrar que o saneamento é unha competencia municipal, polo que Augas de Galicia non dispón desta información.

En canto ao nivel de cumprimento do Plan de Saneamento 2000-2015, cómpre lembrar que a previsión era de poñer os mecanismos en 154 aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes. Destas aglomeracións, como xa se indicou, unicamente están pendentes de

CVE-PREPAR: 115545b7-3cc9-03c0-44e7-a732f39be318

executar a depuradora de Poio-Raxó e a depuradora de Santiago de Compostela”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:28
Nº Rexistro: 16194
Data envío: 13/09/2017 12:28:05.607

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:28:01



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 16191
Data envío: 13/09/2017 12:27:37.122

Data 13/09/2017 12:27

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 11172**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da consignación, no plan de investimentos para o ano 2017 e seguintes, dunha dotación orzamentaria que garanta a execución inmediata das obras de conexión ferroviaria ao porto exterior da Coruña”**, (publicada no BOPG número 140, do 5 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 1.02.2017- pola secretaria xeral técnica da Consellería do Mar ao darlle resposta á pregunta 3198 sobre similar tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 16191
Data envío: 13/09/2017 12:27:37.122

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:27:28



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7141**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para erradicar as posibles prácticas laborais antiembarazo no ámbito dos clubs deportivos de Galicia.”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Moitos dos esforzos da Secretaría Xeral para o Deporte están orientados cara a seguridade total do e da deportista en Galicia. A Secretaría Xeral envorcarase na súa protección total a través da colaboración e a coordinación con outras consellerías e departamentos. Unha persoa deportista non só debe estar segura ao facer deporte, senón que debe ter esa mesma seguridade nos seus contratos, nas súas nóminas, nas súas baixas por enfermidade ou calquera outra eventualidade, na garantía dun futuro estable... A un home ou muller que compite durante moitos anos por enxalzar o nome de Galicia hai que devolverlle todo o seu esforzo garantíndolle, polo menos, unhas condicións de vida e laborais como as de calquera outro traballador galego.

Debemos amparar máis á persoa deportista de alto nivel e acadar que a etapa de alto rendemento sexa considerada unha etapa laboral. Hai moitos países nos que xa existe esta consideración aos que debemos compararnos para mellorar a nosa xestión deportiva.

No que respecta ás mulleres e aos posibles embarazos, blindamos esta posible eventualidade por dúas razóns de peso, unha demográfica (a Xunta traballa en clave autonómica, nacional e europea para inverter o declive demográfico a medio prazo) e unha deportiva. Non podemos estar máis en desacordo con estas ‘cláusulas anti-embarazo’ que consideramos ilexítimas, ilegais e totalmente amorais. A muller ten tanto dereito de quedarse embarazada como de volver ao seu traballo (neste caso a práctica deportiva) nas mesmas condicións unha vez cumpra a súa baixa por maternidade.

A Xunta apoia en todo á Asociación de Mulleres Deportistas Galegas (Mudega) na súa denuncia desta práctica laboral que consideramos anticonstitucional. Que se discrimine a alguén por estar embarazada vulnera o artigo 14 da Constitución Española e outras cartas internacionais como o

Convenio sobre a protección da maternidade da Organización Internacional do Traballo das Nacións Unidas.

O Goberno galego xa está a desenvolver as actuacións precisas perante os clubs, as federacións galegas deportivas e demais institucións para evitar as cláusulas 'anti-embarazo' nos contratos de mulleres deportistas. Non podemos declarar nula unha cuestión que xa está privada de todo dereito como recolle a propia Constitución Española. En todo caso serán os xulgados correspondentes os que deberán declarar nulas estas cláusulas anti-embarazo. Desde a Xunta de Galicia animamos a todas as mulleres deportistas que sufran esta marxinación ilegal a denunciar a súa situación perante a xustiza. Desde o Goberno galego apoiaremos a estas mulleres en todos os pasos que dean para recoñecer os seus dereitos e ofreceremos a nosa enteira axuda e disposición.

Neste intre, desde a Secretaría Xeral para o Deporte, manexamos un decálogo de medidas que xa estamos implementando, estamos estudando con outros departamentos ou que levaremos a cabo de xeito inminente. Estas medidas son:

- 1- Instar á Administración Estatal á ampliación do recoñecemento vixente na actualidade como deporte profesional que tan só afecta á 1ª e 2ª división masculina de fútbol e á liga ACB de baloncesto.
- 2- Promover a equiparación laboral entre os contratos asinados por deportistas e os contratos asinados por outros traballadores sobre todo en canto ao establecemento de mínimos salariais así como dunhas prestacións mínimas en canto a coberturas de seguro.
- 3- Introducir parámetros ou criterios que recollan a condición a favor da muller deportista nas convocatorias de axudas emitidas pola Administración.
- 4- Revisar as condicións establecidas nesas 'cláusulas de embarazo' por se puidesen incorrer en nulidade de pleno dereito.
- 5- No caso das bolsas a deportistas, aquelas deportistas bolseiras nunha anualidade, poderían dispoñer dunha concesión de bolsa automática -cun importe fixo- na convocatoria do ano seguinte de atoparse en estado de embarazo e por tanto non poder xustificar resultado deportivo algún.
- 6- Estableceremos medidas de apoio á muller embarazada nos convenios coas federacións deportivas de Galicia.



7- Nas convocatorias de axudas a clubs recolleamos aspectos de fomento e promoción da muller no deporte, como son as licencias femininas ou a presenza de mulleres en postos directivos.

8- Levaremos a cabo xornadas divulgativas de conciliación de deporte e embarazo coa axuda de algúns exemplos de deportistas que fosen nais e seguisen adiante co deporte profesional.

9- No caso de producirse a vulneración do artigo 116f da Lei do Deporte de Galicia que regula a admisión e práctica de actividade deportiva. Cando esta admisión sexa denegada por criterios discriminatorios por razón de sexo, relixión, raza ou calquera outro que afecten o réxime de acceso igual á actividade deportiva, a Secretaría Xeral exercerá potestade sancionadora a través do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

10- No borrador do novo Decreto de deporte de alto nivel: contemplásenos aspectos de prórroga no recoñecemento como deportista de alto nivel a aquelas mulleres que vexan afectadas por esta situación que lle impida desenvolver a súa práctica deportiva durante unha tempada.

Esta novidade é unha das máis interesantes no sentido de que para acadar a protección da figura da muller no deporte de alto nivel, debemos sumar progresivamente novas conquistas administrativas. Así, agardamos que no próximo decreto de alto nivel, no que atinxe ao procedemento de recoñecemento dos deportistas de alto nivel (artigo 7), introdúzanse dúas novas consideracións que favorecerán e defenderán á figura do e da deportista nestas eventualidades:

1- As persoas deportistas que tendo en vigor o recoñecemento de deportista de alto nivel en Galicia e se atopen nunha situación de lesión pola que causen baixa na súa práctica deportiva durante máis de 6 meses, poderán solicitar unha prórroga dun ano na súa condición de deportista galego de alto nivel, dende o día da lesión e cun prazo de tres meses.

2- As deportistas que tendo en vigor o recoñecemento de deportista de alto nivel en Galicia e se atopen nunha situación de embarazo, poderán solicitar durante o embarazo, unha prórroga dun ano máis da súa condición de deportista galega de alto nivel.

Ademais, a Secretaría Xeral para o Deporte mantén un fluído contacto coas institucións públicas do sector para tratar temas de calado como este e mellorar a xestión do deporte a todos os niveis. Neste caso, o Consello Superior de Deportes e a Xunta traballan desde hai tempo na erradicación destas cláusulas anticonstitucionais e discriminatorias por razón de sexo, a pesar de non ter competencias para actuar directamente neste eido. É a inspección laboral quen debe tomar cartas no asunto.

Cómpre salientar, ademais de todo este traballo realizado que o pasado 12 de xuño foi presentada a Comisión Galega de Control da Violencia, o mesmo día que se iniciaba o trámite de participación cidadá para esta norma. Unha comisión que dará resposta ás denuncias e incidentes naquelas competicións deportivas oficiais no ámbito autonómico, provincial, zonal ou local. As condutas antideportivas deben ser penadas, xa sexan efectuadas por parte de xogadores, dirixentes, adestradores ou pais e nais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16359
Data envío: 13/09/2017 14:24:56.089

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:24:52



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7671**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego para visibilizar o papel das mulleres no deporte e favorecer a súa práctica en condicións de igualdade.”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“O deporte feminino non é un campo alleo ou paralelo ás accións que realiza a Secretaría Xeral para o Deporte, é un campo máis dentro da nosa estratexia deportiva. Tratar ao deporte feminino como rara avis é un erro cometido durante moitos anos e estase empezando a corrixir a través da normalización e a non diferenciación. Sempre defendemos que os éxitos do deporte galego son igual de importantes ben sexan a través dunha palada de Cristian Toro como a través dunha regata de Támara Echegoyen. O campo de acción da Secretaría Xeral para o Deporte son os deportistas galegos e galegas. Ser muller ou home, para a Xunta de Galicia é unha característica máis, como tamén o é ser halterófilo, nadador ou paraatleta. Cómpre darlle visibilidade ao deporte feminino existente que é moito e de calidade.

É precisamente aos máis pequenos a quen hai que enviar estas mensaxes para que crezan gozando cun deporte global e diverso. Desde a Xunta de Galicia levamos a cabo moitas accións neste ámbito como o protocolo de actuación entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Escola Vero Boquete para o deporte galego en igualdade que circulou por algúns colexios e institutos galegos para transmitir estes valores e loitar contra os estereotipos sociais enviando estas mensaxes aos nosos nenos e nenas. Ademais, tamén apoiamos outras iniciativas como o I Torneo de Fútbol pola Igualdade organizado polo Centro de Información á Muller da Mancomunidade de Santa Águeda e os concellos ourensáns de Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín; o programa ‘Mulleres bravas, bravísimas’ desenvolvido polo IES Val Miñor; a mesa redonda ‘A muller no deporte’ organizada polo IES Blanco Amor de Ourense; ou a colaboración co espazo da Radio Galega ‘Convivir en Igualdade’ que contou coa presenza da secretaria xeral

para o Deporte en moitos dos seus programas (Mugardos, Maceda, Arzúa, Antas de Ulla...). Apoiamos un deporte transmisor de valores e vía de formación, igualador, que exporta unha imaxe positiva das mulleres, que enriquece á sociedade e que é motor de cambio social. Ese é o deporte que queremos en Galicia.

Hai motivos máis que suficientes para que a xente consuma deporte feminino. A chamada desta opción existe e cada vez congrega a máis adeptos. A xente coñece os eventos femininos en balonmán, baloncesto, fútbol... É a nosa misión apoiar estes eventos, sen mirar se neles compiten homes ou mulleres.

De feito, desde a Secretaría Xeral para o Deporte estamos levando a cabo un traballo coordinado coa Compañía Radio Televisión de Galicia a través de reunións e ordenación de contidos para que se lle dea maior visibilidade a aqueles eidos do deporte menos populares nos medios de comunicación como poden ser o deporte base ou o deporte feminino.

Respecto á práctica do deporte en condicións de igualdade, cómpre destacar que en idade escolar, nenos e nenas participan, practicamente, en igual proporción. Desde a Administración temos que acadar que esa participación igualitaria no deporte continúe despois da etapa de deporte escolar. O deporte debe chegar a toda a sociedade por igual e toda a sociedade debe aproveitar esta oferta masiva que temos hoxe en día. Só así conseguiremos unha poboación máis activa e saudable que se afaste de enfermidades e problemas causados polo sedentarismo, que é o que pretende o programa Galicia Saudable da Secretaría Xeral para o Deporte.

O programa Xogade, que aúna a oferta deportiva e lúdica en idade escolar promovida e promocionada pola Xunta de Galicia, ofrece deportes que na súa maioría (atletismo en pista, bádminton, baloncesto, balonmán, béisbol e sóftbol, dúatlon, fútbol sala, orientación, tenis de mesa, voleibol ou xadrez) lévanse a cabo de maneira mixta, fomentando a participación conxunta de nenos e nenas. Cada vez é maior o número de nenas que forman parte dos equipos de fútbol e baloncesto que xogan nos recreos dos colexios e que se apuntan a actividades extraescolares deportivas onde antes só había nenos. Se esta tendencia continúa, os adultos de mañá terán unha mentalidade moito máis aberta e concibirán un deporte moito máis plural e igualitario, que é o que perseguimos. Vivimos na era da democratización do deporte, un deporte para todos e todas.

Para que o deporte feminino poida desenvolverse con total normalidade e evolucionar como o fai o deporte masculino debemos garantir que ningunha persoa será discriminada ou vexada por



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16360
Data envío: 13/09/2017 14:25:41.089

ningún motivo na práctica deportiva. Por iso, o pasado 12 de xuño foi presentada a Comisión Galega de Control da Violencia, o mesmo día que iniciábase o trámite de participación cidadá para esta norma. Unha comisión que dará resposta ás denuncias e incidentes naquelas competicións deportivas oficiais no ámbito autonómico, provincial, zonal ou local. As condutas antideportivas deben ser penadas, xa sexan efectuadas por parte de xogadores, dirixentes, adestradores ou pais e nais.

A Comisión Galega de Control da Violencia dará cobertura e resposta as denuncias e adoptará decisións derivadas de incidentes con ocasión da practica de competicións oficiais deportivas de ámbito autonómico, provincial, zonal ou local, mentres que a Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte continuará a actuar nas competicións oficiais deportivas de ámbito estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16360
Data envío: 13/09/2017 14:25:41.089

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:25:36



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9246**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Francisco Casal Vidal, sobre **“os datos referidos ás autorizacións concedidas pola Xunta de Galicia a unha empresa circense, as súas previsións respecto da realización de inspeccións en relación coas denuncias presentadas por incumprimento da normativa vixente, así como a adopción de medidas para garantir a autonomía local e impedir novas aperturas de circos sen licenza municipal”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Na Dirección Xeral de Patrimonio Natural non constan, nin no actual exercicio nin no ano 2016, autorizacións emitidas a favor do establecemento mencionado na iniciativa.

Cómpre subliñar que o Goberno galego vixía calquera actividade que poida repercutir no benestar animal e que, en caso de incumprimento, resultan de aplicación os preceptos da normativa vixente na materia. Neste caso concreto, nos meses de marzo, abril e maio foron realizadas inspeccións ao establecemento mencionado.

O proxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, que se está a tramitar nestes momentos no Parlamento, xa contempla a prohibición expresa do emprego e tenza de animais de especies silvestres nos circos, calquera que sexa a súa finalidade.

Esta proposta basease tanto en cuestións de benestar animal, relativas ás especiais necesidades deste tipo de animais, como no impacto descoñecido que o mantemento e comercio de animais silvestres,

moitos dos cales pertencen a especies ameazadas, pode ter sobre a conservación da fauna silvestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:42
Nº Rexistro: 16218
Data envío: 13/09/2017 12:42:52.940

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:42:48



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 11063**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**Sobre as previsións do Goberno galego para a a redacción e aprobación dun plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia.**”, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“O mapa de infraestruturas deportivas de Galicia é tan denso como esixe a nosa extensión xeográfica e a calidade dos nosos atletas. Unha ampla demanda debe de ser atendida cunha oferta aínda maior. As peticións dos concellos e demais entidades para a construción de novas infraestruturas e reforma das xa existentes rexístranse día tras día na Secretaría Xeral para o Deporte. Antes da realización de calquera investimento, realízase un exhaustivo estudo da situación atendendo aos criterios de necesidade e urxencia. Un traballo que vén apoiado polas xefaturas de servizo de cada provincia.

A Secretaría Xeral para o Deporte acomete aquelas obras que sexan máis urxentes e necesarias, a través dun exercicio de planificación e priorización do gasto. A Secretaría Xeral para o Deporte garante que Galicia contará coas mellores instalacións deportivas, para continuar xerando os mellores deportistas. Por iso, ademais da planificación xa existente, traballamos na elaboración do Plan Director de Infraestruturas Deportivas que sirva de marco de decisión para determinar os investimentos dirixidos á creación de novas instalacións. Un Plan que subsanará a carencia de determinados equipamentos básicos e corrixir os desequilibrios territoriais actualmente existentes en canto a infraestruturas deportivas nalgúns concellos e comarcas de Galicia.

Como paso previo a este Plan de Infraestruturas, a Secretaría Xeral para o Deporte mellora día a día o censo/rexistro de instalacións deportivas de Galicia. Un traballo iniciado tempo atrás e que encara os pasos para a concreción final do rexistro, utilizando as ferramentas tecnolóxicas que xa

a día de hoxe colocan a cidadanía no eixe principal da promoción dunha vida activa e saudable.

A día de hoxe a plataforma Galicia Activa conta con preto de 2.000 recursos para levar unha vida activa. A través dos proxectos de colaboración institucional daranse os pasos necesarios para acadar a actualización anual de todos os recursos existentes na comunidade (instalacións convencionais e non convencionais) para que os galegos e galegas gocen dun maior nivel de saúde a través da practica regular de actividade física, exercicio físico e deporte.

Precisamente son as infraestruturas un dos puntos no que estamos traballando a fondo nesta nova etapa da Secretaría Xeral para o Deporte. Esta reúnese periodicamente cos responsables políticos de diferentes cidades galegas para comprobar in situ o estado das instalacións onde se practica deporte. En Galicia queremos aos mellores deportistas pero somos conscientes de que para ter aos mellores deportistas precisamos dos mellores medios. Debemos crear e acondicionar os espazos necesarios para que os atletas galegos poidan adestrar nas mellores condicións.

Na actualidade, contamos cun gran número de campos de fútbol, pazos de deportes, piscinas, pavillóns polideportivos, pistas de atletismo, unha estación de esquí... O deporte é accesible a todos e a todas.

Como exemplo da importancia que teñen as infraestruturas para a Secretaría Xeral para o Deporte, destaca a construción da pista cuberta de atletismo de Expourense. Estamos a falar dun investimento de preto de 3 millóns de euros e dunha infraestrutura de seis rúas en pista circular de 200 metros de perímetro, oito rúas en pista recta, zona de lanzamento de peso, zona de saltos de altura, lonxitude e pértega. Estamos a falar da primeira pista de atletismo hidráulica cuberta de Galicia que xa está catalogada como unha das tres mellores de España. Ademais tamén cómpre destacar a reforma integral do complexo deportivo de Balaídos a través da actuación nas pistas de atletismo. Unha actuación valorada en 2,7 millóns de euros (2,3M€ achegados pola Secretaría Xeral para o Deporte e outros 400.000 euros achegados polo Concello) posibilitará acadar para Vigo unha instalación deportiva de primeiro ao servizo do atletismo vigueses, toda vez que satisface unha demanda do propio Concello e do atletismo galego. Esta actuación dá cumprimento ao compromiso da Xunta expresado en 2011 e continúa co modelo de actuación da Xunta nas infraestruturas deportivas en Vigo, envorcado co deporte base. Se queremos ter os mellores deportistas necesitamos as mellores instalacións. A xestión do deporte require facer obras, reformar, ampliar e construír novos espazos.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16384
Data envío: 13/09/2017 15:49:07.434

Neste exercicio 2017, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte destina un total de 2.425.570 euros para a construción e a mellora das infraestruturas deportivas de Galicia (obra propia, equipamento e obras nas infraestruturas municipais) destinando 1.348.000 euros en particular no Capítulo 760 para as obras nas infraestruturas deportivas dos concellos de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16384
Data envío: 13/09/2017 15:49:07.434

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 15:49:00



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727